



CIG-Saúde convoca concentracións contra a privatización do sistema de cita previa na Atención Primaria

**En tódolos Centros de Saúde e
diante das Xerencias de Atención Primaria
xoves 15 de xaneiro ás 12:00 horas**

O servizo de citacións foi concedido, mediante concurso, a unha empresa privada para que monte unha Central de Chamadas que dea resposta ás solicitudes de cita telefónica para o persoal Médico e de Enfermería de Atención Primaria. Para dar estas citas esta empresa privada fará uso dos datos dos pacientes que figuran na tarxeta sanitaria, que están en poder do Sergas.

CIG-Saúde preguntou en repetidas ocasións ao Sergas polo desenvolvemento das centrais de chamadas que recolle o Plan de Mellora de Atención Primaria. A falta de resposta levounos a manifestar a nosa protesta na Acta da reunión da Comisión de Seguimento do Plan de Mellora en abril de 2008.

Diante da publicación no DOG nº 105 do 2 de xuño de 2008 no que o Instituto Galego de Medicina Técnica S.A. convocaba un concurso publico para cubrir o servizo de cita previa no eido da atención primaria da Comunidade Autónoma de Galicia, CIG-Saúde remitiu un escrito aos responsábeis do SERGAS, ao que non deron resposta algunha. No mesmo amosábase a nosa posición, contraria á privatización deste servizo e solicitábase que a central de chamadas fora xestionada directamente polo SERGAS con persoal seleccionado das listas de vinculación temporais.

CIG-Saúde convoca CONCENTRACIÓNS en tódolos Centros de Saúde e diante das Xerencias de Atención Primaria o xoves 15 de xaneiro ás 12:00 horas, para poñer de manifesto diante do SERGAS e da opinión pública o desacordo do conxunto de traballadoras e traballadores co modelo de cita previa elixido, que supón a privatización dun servizo público e a conseguinte precarización de postos de traballo.



Miguel F. Caaveiro, 10
Santiago de Compostela

Tfnos: 981 552826
Fax: 981 583934

executiva@cig-saude.org
www.cig-saude.org

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2009

Asdo: M^a Xosé Abuín Álvarez.
Secretaria Xeral. CIG-SAÚDE.